

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Indique cal das seguintes é unha competencia da Consellería de Sanidade, establecida no artigo 76 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia:**

- A) Os acordos de creación de hospitais públicos de Galicia.
- B) A aprobación do Plan de Saúde de Galicia.
- C) O establecemento das directrices da política de protección da saúde da Comunidade Autónoma de Galicia.
- D) A planificación, xeración, posta a disposición e avaliación dos recursos necesarios para a prestación de servizos sanitarios dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia.

**2. Indique cal das seguintes opcións é correcta: o artigo 28 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece os requisitos para acceder ao concurso de traslados para o persoal en situación distinta á de activo e que non ostente reserva de praza. Este persoal deberá reunir os requisitos para incorporarse ao servizo activo:**

- A) O último día do prazo establecido para a presentación de instancias.
- B) O último día do prazo establecido para a toma de posesión da nova praza.
- C) O primeiro día do prazo establecido para a toma de posesión da nova praza.
- D) Na data de publicación da resolución definitiva da convocatoria do concurso de traslados no Diario Oficial de Galicia.

**3. Indique a opción correcta. Na Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, establécese no artigo 1.2 que os titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria son:**

- A) Só os españois con residencia en territorio español.
- B) Só os españois con ou sen residencia en territorio español.
- C) Só os cidadáns da comunidade europea con ou sen residencia en territorio nacional.
- D) Os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia en territorio nacional.

**4. Indique cal das seguintes opcións é a correcta: o artigo 41 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece os requisitos que deben cumprir os aspirantes para a provisión de postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade de persoal licenciado sanitario, no referente a acreditación da experiencia nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde:**

- A) Deberán acreditar un mínimo dun ano de experiencia, na mesma categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto.
- B) Deberán acreditar un mínimo de dous anos de experiencia, na mesma categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto.
- C) Deberán acreditar un mínimo de tres anos de experiencia, na categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto.
- D) Deberán acreditar un mínimo de cinco anos de experiencia, na mesma categoría ou especialidade esixible para o acceso ao posto.

5. Segundo o artigo 49 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, indique a quen lle corresponde o desenvolvemento dun modelo de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico, así como actuar como centro coordinador da rede galega de acollida:

- A) Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller.
- B) Comisión contra a Violencia de Xénero.
- C) Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero.
- D) Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero.

6. Indique a opción correcta. A Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais, no artigo 17 establece que os equipos de protección individual deberán utilizarse cando:

- A) Sempre.
- B) Cando non se poidan evitar os riscos ou non se poidan limitar suficientemente por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo.
- C) Cando o traballador o considere oportuno para a súa seguridade persoal.
- D) Cando exista probabilidade de risco, aínda que existan suficientes medios técnicos de protección colectiva.

7. A Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece que o persoal cando desempeñe funcións de xestión clínica, calquera que sexa o servizo de saúde, institución ou centro no que se atope destinado, así como cando desempeñe un posto de traballo das relacións de postos das Administracións públicas aberto ao persoal estatutario, estará en situación de:

- A) Servizos especiais.
- B) Servizo activo.
- C) Excedencia por servizos no sector público.
- D) Servizos baixo outro réxime xurídico.

8. A quen lle corresponde a propiedade e a custodia da historia clínica cando un/unha médico/a traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria, segundo o artigo 18 da Lei galega 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes?

- A) Ao/á xefe/a de servizo de cada proceso.
- B) Ao/á médico/a responsable do paciente.
- C) Á Administración sanitaria ou á entidade titular do centro sanitario.
- D) Ao paciente.

9. Indique a opción correcta. Na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, o artigo 12 establece que o Parlamento elixirá entre os seus membros:

- A) Un/unha Presidente/a, a Mesa e unha Deputación Permanente.
- B) Un/unha Presidente/a, o/a Presidente/a do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e unha Deputación Permanente.
- C) Un/unha Presidente/a, os/as Conselleiros/as e unha Deputación Permanente.
- D) Un/unha Presidente/a, os/as Conselleiros/as e os/as Diputados/as.

10. A Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece que o concepto destinado a retribuír o especial rendemento, o interese ou a iniciativa do titular do posto, así como a súa participación en programas ou actuacións concretas e a contribución do persoal á consecución dos obxectivos programados, previa avaliación dos resultados conseguidos, denomínase:

- A) Complemento de produtividade.
- B) Complemento de carreira profesional.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento específico.

Preguntas de reserva

1. Indique a opción correcta. Na Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, o artigo 51 determina que a ordenación territorial dos Servizos de Saúde, con base na aplicación dun concepto integrado de atención á saúde, é competencia de:

- A) Do Estado.
- B) Da Comunidade Autónoma.
- C) Da Área de Saúde.
- D) Do concello.

2. A Lei galega 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, no artigo 20 establece a conservación do contido da historia clínica. Indique cal das seguintes opcións é correcta:

- A) Conservarase o contido dos consentimentos informados no soporte orixinal.
- B) Só é necesaria a conservación indefinida dos informes de alta cando sexa procedente por razóns xudiciais.
- C) Pode destruírse a historia clínica completa aos 10 anos do falecemento do paciente.
- D) É necesario conservar indefinidamente os informes de exploracións complementarias.